

O Ente Público RTVE en liquidación deberá proceder á conclusión ordenada de cantas relacións xurídicas estean pendentes na data de entrar en estado de disolución, así como á liquidación, alleamento e extinción, segundo proceda, dos bens, dereitos e obrigas que integren o patrimonio do ente público.

En todo caso o Goberno deberá prover o ente público en liquidación e as súas sociedades dos fondos e recursos económicos necesarios para que se poida desenvolver de maneira ordenada o mencionado proceso de liquidación patrimonial e cumprir regularmente con todas as obrigas contraídas exixibles.

3. Nesa mesma data quedará suprimido o Consello de Administración do Ente Público RTVE e a súa Dirección Xeral. No seu lugar constituirase un consello de liquidación do ente, integrado por cinco membros que serán nomeados e cesados pola Sociedade Estatal de Participacións Industriais, que asumirá a xestión, dirección e representación do ente público en liquidación. Así mesmo, este consello procederá á disolución e liquidación mercantil das sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A., designando un liquidador para cada unha delas.

4. Durante a súa liquidación e até a súa total extinción o Ente Público RTVE e as sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A. conservarán a súa personalidade xurídica.

#### Disposición transitoria sexta.

No prazo de seis meses a partir da constitución da nova Corporación de RTVE, o Consello de Administración deberá elaborar un regulamento do dereito de acceso que estableza as condicións de solicitude, con resposta obrigatoria ás peticións correspondentes.

O Consello Audiovisual emitirá informe sobre a proposta deste regulamento e, unha vez aprobado, sobre o seu cumprimento anual, e actuará tamén como instancia superior en caso de desacordo.

#### Disposición derogatoria única.

1. Derrógase a Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, pola que se aproba o Estatuto da Radio e a Televisión. Non obstante, esta lei seguirá sendo de aplicación para os efectos previstos na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, e na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

O Goberno, por proposta do Ministerio da Presidencia, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**9959** *LEI 18/2006, do 5 de xuño, para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de probas en procedementos penais.* («BOE» 134, do 6-6-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A creación do espazo de liberdade, seguranza e xustiza na Unión Europea encontra na cooperación xudicial internacional unha das súas pezas esenciais. Unha importancia que contrasta coas dificultades que se deben superar para a súa consecución, e que derivan das súas implicacións coa soberanía dos Estados, das diferenzas entre os sistemas penais e procesuais dos distintos Estados, as barreiras lingüísticas e a lentitude dos instrumentos tradicionais de cooperación.

Para a superación destes obstáculos a Unión Europea propón un avance definitivo que supere as formas clásicas de cooperación xudicial internacional a través, entre outros, da recuperación do concepto de recoñecemento mutuo de resolucións xudiciais, que se consagrou no Cumio de Tampere como «pedra angular» da cooperación xudicial en materia civil e penal na Unión.

A primeira plasmación deste principio concretouse na Decisión Marco 2002/584/JAI do Consello, do 13 de xuño de 2002, relativa á orde de detención europea e aos procedementos de entrega entre Estados membros que deu lugar á Lei 3/2003, do 14 de marzo, sobre a orde europea de detención e entrega, e á Lei orgánica 2/2003, do 14 de marzo, complementaria da anterior.

O seguinte paso nesta dirección deuse coa aprobación na Unión Europea da Decisión Marco 2003/577/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á execución na Unión Europea das resolucións de embargo preventivo de bens e de aseguramento de probas, que se incorpora ao dereito español con esta lei. Un paso ao cal seguirán outros nun prazo previsiblemente breve, que darán forma a unha nova cooperación xudicial en materia penal.

II

O obxecto desta norma é establecer o mecanismo a través do cal se van transmitir por parte das autoridades xudiciais españolas as medidas de embargo de bens ou de aseguramento de probas acordadas en procedementos penais cando os obxectos, datos ou documentos obxecto da medida se encontren noutro Estado membro da Unión Europea. E, igualmente, de que forma as autoridades xudiciais españolas van recoñecer e cumprir tales resolucións cando proveñan dunha autoridade xudicial doutro Estado membro.

Novamente, seguindo as pautas acordadas para a orde europea de detención e entrega, unha das principais novidades da lei é a renuncia á exixencia do control da dobre incriminación para unha serie de infraccións que se establecen na decisión marco, sempre que a pena prevista para eles no Estado de emisión supere o limiar sinalado, e que comprende as «penas privativas de liberdade cuxa duración máxima sexa de polo menos tres anos». Para o resto dos casos prevese o mantemento da exixencia da dobre tipicidade.

Como consecuencia da actuación do principio de recoñecemento mutuo, a decisión da autoridade xudicial de recoñecer e executar a orde acordada pola autoridade xudicial estranxeira é case automática sen necesidade de verificar a súa conformidade co seu ordenamento xurídico

interno, e limitáanse os supostos de denegación da execución da decisión transmitida a causas taxadas e estritamente previstas nesta lei.

Neste caso, a diferenza da decisión marco que crea a orde europea de detención e entrega, a norma europea non crea un título «ad hoc», senón que se limita a especificar que xunto á decisión orixinal que adopte a medida de embargo ou aseguramento de probas se enviará un certificado conforme o modelo que se establece no anexo desta lei, traducido para a lingua que en cada caso resulte oportuno.

### III

De conformidade coa Decisión marco 2003/577/JAI, o ámbito desta norma non comprende calquera medida de embargo que se poida adoptar no curso dun proceso penal. Polo pronto, non se inclúen no seu ámbito de aplicación nin as medidas cautelares persoais, como sería a entrega de detidos, nin as medidas cautelares reais propias do proceso civil, mesmo aínda que se exerzan –como de ordinario ocorre no proceso español– acumuladas ao proceso penal, cuxo obxecto será a restitución de cousas determinadas, a reparación do dano e a indemnización de danos e perdas. Tampouco se comprende calquera medida cautelar real propia do proceso penal, como serían aquelas que pretendesen asegurar a efectividade da imposición dunha pena de multa ou o pagamento das custas procesuais.

Cómpre aclarar que o emprego do termo embargo nesta lei se separa do concepto que hoxe recolle a vixente Lei de axuízamento criminal, como medida que afecta aqueles bens do procesado que sexan suficientes para cubrir a súa responsabilidade civil. Fronte a isto, esta lei enmárcase no ámbito da cooperación xudicial internacional, o que levou a assimilar o termo embargo co significado que esta expresión ten no ordenamento dos países da nosa contorna, polo que con isto se comprenderán unha ampla gama de dilixencias aseguratorias do corpo do delito, tales como a súa recollida, bloqueio, conservación, intervención, incautación ou posta en depósito xudicial.

É así como as medidas que se adoptarán e tramitarán conforme esta lei, quer cando sexan solicitadas por unha autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea, quer cando o seu cumprimento sexa pedido por unha autoridade xudicial española, serán as que teñan por obxecto asegurar a efectividade dun futuro comiso ou o aseguramento dos elementos de proba que se deban utilizar posteriormente no proceso. Trátase, por tanto, de dar axilidade a aquelas actuacións que se levan a cabo co propósito de permitir ás autoridades xudiciais competentes actuar rapidamente para asegurar as probas e proceder ao embargo de bens que sexan facilmente transferibles.

Tratándose dunha lei relativa á cooperación xudicial internacional, convén recordar que o concepto de autoridade xudicial non se limita aos órganos xudiciais senón que inclúe o Ministerio Fiscal, de conformidade co que xa dispoñen os convenios internacionais nesta materia e a Lei 50/1981, do 30 decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

### IV

A lei estrutúrase en tres capítulos. O primeiro deles contén as disposicións xerais da lei, que comprenden a determinación do seu obxecto, as medidas ás cales se refire e os reembolsos a que este auxilio xudicial poderá dar lugar entre España e o Estado membro do tribunal que solicita ou ao cal se lle pide a adopción destas medidas.

O capítulo II regula a solicitude activa das autoridades xudiciais españolas para a execución noutro Estado de decisións de embargo de bens ou aseguramento de probas que se encontren no territorio doutro Estado membro. E o capítulo III contén as normas aplicables desde o punto de vista pasivo, é dicir, as normas reguladoras da actividade das autoridades xudiciais españolas cando presten auxilio xudicial para a execución das medidas a que se refire a lei e que sexan transmitidas polas autoridades xudiciais doutros

Estados membros da Unión Europea. Unhas normas que comezan pola declaración do principio de non-control de dobre incriminación de determinados delitos, na liña que seguen as decisións marco da Unión Europea, e que non exclúen supostos en que si se exige tal control.

### V

Toda esta regulación baséase no principio de recoñecemento mutuo e execución inmediata das resolucións xudiciais, de tal forma que a cooperación entre Estados membros se entende na confianza de que as resolucións que se deben recoñecer e executar se ditarán sempre de acordo cos principios de legalidade, subsidiariedade e proporcionalidade.

Unha novidade importante da lei vén constituída pola recepción no noso dereito da regra *forum regit actum*, que significa o respecto aos procedementos exixidos pola lei do Estado requirente na prestación do auxilio xudicial, aínda cando non sexan os acostumados no Estado requirido ou de execución e sempre que non sexan contrarios aos principios xerais do seu dereito. E é que, neste ámbito da cooperación xudicial internacional, as leis de cada Estado non poden determinar todos os aspectos que deberán observar as súas autoridades xudiciais no desenvolvemento desta actividade, por canto en moitas ocasións tamén terán que cumprir as previsións que exixa a lexislación do Estado con que se leva a cabo esta cooperación. Este é o caso das previsións da lei relativas ás comunicacións entre as autoridades xudiciais, nas cales as autoridades españolas deberán realízalas na forma que exixa a lexislación do Estado a que se dirixen para asegurarse da súa autenticidade, mentres que os demais Estados membros da Unión Europea terán que se axustar nas súas comunicacións ás autoridades españolas aos requisitos que establece o noso ordenamento.

A lei ocúpase de preservar os dereitos que asisten as partes e os terceiros interesados de boa fe. Prevense os limitados supostos de denegación do recoñecemento e a execución da medida, así como as posibilidades de suspensión da execución. Por último, como garantía para os cidadáns afectados, prevense os recursos que os posibles interesados poderán utilizar.

Finalmente, como complemento desta lei, modifícase o artigo 338 e introdúcese un novo capítulo no título V do libro II da Lei de axuízamento criminal, no cal se regula a destrución e realización anticipada dos efectos xudiciais. Unhas medidas que servirán, con carácter xeral, para axilizar a xestión dos bens embargados nos procesos penais, e que tamén se van aplicar cando se trate de bens embargados a pedimento de autoridades xudiciais estranxeiras.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e definicións.*

1. Esta lei ten por obxecto regular o procedemento que deben seguir as autoridades xudiciais españolas para transmitir, ás autoridades correspondentes dos demais Estados membros da Unión Europea, unha resolución en que se acorde o embargo de bens ou unha medida de aseguramento de probas, adoptada no curso dun procedemento penal, cando os bens de que se trate se encontren no territorio daqueles.

2. Régulase, así mesmo, a actuación que se deberá desenvolver por parte das autoridades xudiciais españolas cando reciban unha resolución de embargo ou de aseguramento de probas emitida por unha autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea, no curso dun procedemento penal, para o seu recoñecemento e execución sobre bens que se encontren en territorio español.

3. Para os efectos desta lei, entenderase por «autoridade xudicial de emisión» a autoridade xudicial do Estado

membro que sexa competente para acordar as medidas ás cales se refire esta lei en virtude do dereito dese Estado.

Así mesmo, entenderase por «autoridade xudicial de execución» a autoridade xudicial do Estado membro en cuxo territorio se encontre o ben ou documento que sexa competente para executar as medidas ás cales se refire esta lei en virtude do dereito dese Estado.

#### Artigo 2. *Resolucións de embargo de bens ou de aseguramento de probas.*

As resolucións de embargo de bens ou de aseguramento de probas ás cales se refire esta lei dirixense a impedir provisionalmente a destrución, transformación, desprazamento, transferencia ou alleamento de bens que puidesen ser sometidos a comiso ou utilizarse como medios de proba.

As resolucións de embargo poderanse adoptar en relación a calquera tipo de ben, sexa material ou inmaterial, moble ou inmovible, así como aos documentos acreditativos dun título ou dereito.

O aseguramento de probas poderase adoptar en relación cos obxectos, documentos ou datos que posteriormente se poidan utilizar como medio de proba nun procedemento penal.

#### Artigo 3. *Autoridades xudiciais españolas competentes.*

1. En España, son autoridades xudiciais competentes para emitir unha resolución de embargo e aseguramento de probas o xuíz ou tribunal que coñeza da causa en que se deba adoptar a medida, así como os fiscais que dirixan as dilixencias de investigación nas cales se deba adoptar unha medida de aseguramento de probas que non sexa limitativa de dereitos fundamentais.

2. En España, son autoridades xudiciais competentes para executar unha resolución de embargo e aseguramento de probas os xuíces de instrución do lugar onde se encontren os bens obxecto de embargo ou as probas que deban ser aseguradas, así como os fiscais para a execución daquelas medidas de aseguramento de probas que poden realizar dentro das súas competencias.

3. Os fiscais remitirán trimestralmente ao fiscal xeral do Estado unha listaxe das resolucións emitidas ou recibidas en España, que se transmitirán ao Ministerio de Xustiza, para efectos estatísticos.

#### Artigo 4. *Indemnizacións e reembolsos.*

1. O Estado español reembolsará ao Estado ao cal se transmitise a resolución as cantidades aboadas en concepto de reparación de danos e perdas causados aos titulares de dereitos e intereses lexítimos, sempre e cando estes non se deban exclusivamente á actividade do dito Estado.

2. O Estado español reclamaralle ao Estado da autoridade xudicial de emisión o reembolso das cantidades aboadas en concepto de reparación de danos e perdas causados aos titulares de dereitos e intereses lexítimos, sempre e cando estes non sexan consecuencia exclusivamente do funcionamento anormal da Administración de xustiza ou de erro xudicial.

### CAPÍTULO II

#### **Transmisión polas autoridades españolas dunha resolución de embargo ou aseguramento de probas para a súa execución noutro Estado membro da Unión Europea**

#### Artigo 5. *Transmisión das resolucións de embargo de bens e de aseguramento de probas.*

1. Cando unha autoridade xudicial española considere necesaria unha medida de embargo de bens ou de aseguramento de probas que se encontren no territorio doutro

Estado membro da Unión Europea, enviará a súa resolución á autoridade xudicial competente para que proceda á súa execución.

2. Cando non se coñeza a autoridade xudicial de execución competente, solicitarase a información correspondente por todos os medios necesarios, incluídos os puntos de contacto españois da Rede Xudicial Europea (RXE).

#### Artigo 6. *Documentación.*

1. A medida de embargo de bens ou de aseguramento de probas que se dirixa a unha autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea adoptarse mediante auto ou resolución motivada. Irá acompañada do certificado previsto no anexo desta lei e transmitirase directamente á autoridade xudicial de execución competente, por calquera medio que deixe constancia escrita en condicións que lle permitan á autoridade xudicial á cal se dirixe establecer a súa autenticidade.

2. Na resolución expresarse con claridade se a cooperación xudicial que se require consiste en transferencia á autoridade xudicial española dos elementos de proba ou dos bens obxecto de embargo, ou a súa permanencia nese Estado.

3. O certificado, que irá asinado pola autoridade xudicial española que o expida, traducirase para a lingua oficial, ou para unha das linguas oficiais, do Estado membro a que pertence a autoridade xudicial ao cal se dirixe ou, se é o caso, para unha lingua oficial das institucións comunitarias que aceptase o dito Estado.

#### Artigo 7. *Dereito aplicable á medida acordada.*

A medida acordada executarase de acordo co ordenamento xurídico do Estado en que teña que ter lugar.

Cando sexa necesario para garantir a validez dos medios de proba, a autoridade xudicial española solicitará á autoridade xudicial requirida que observe para a execución da medida as formalidades e os procedementos que expresamente se indiquen.

#### Artigo 8. *Cesamento das medidas.*

O cesamento das medidas comunicaráse inmediatamente á autoridade xudicial á cal se transmitiu a resolución.

#### Artigo 9. *Recursos.*

Contra as resolucións dunha autoridade xudicial española que acorden a adopción dalgunha das medidas recollidas neste capítulo, poderanse interpoñer os recursos previstos no ordenamento xurídico español.

### CAPÍTULO III

#### **Execución en España das resolucións de embargo de bens ou de aseguramento de probas emitidas polas autoridades xudiciais doutro Estado membro da Unión Europea**

#### Artigo 10. *Dobre tipificación dos delitos.*

1. As resolucións sobre aseguramento de proba ou posterior comiso de bens acordada polo Estado de emisión para a súa execución en España non estarán suxeitas a control da dobre tipificación cando se refiran a feitos axuizados como algúns dos delitos que se enuncian a continuación, sempre que estean castigados no dito Estado con penas privativas de liberdade cuxa duración máxima sexa de polo menos tres anos. Estes delitos son os seguintes:

- Pertenza a unha organización delituosa.
- Terrorismo.
- Trata de seres humanos.

Explotación sexual de menores e pornografía infantil.  
 Tráfico ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas.  
 Tráfico ilícito de armas, municións e explosivos.  
 Corrupción.  
 Fraude, incluída a que afecte os intereses financeiros das Comunidades Europeas.  
 Branqueo do produto do delito.  
 Falsificación de moeda, incluída a falsificación do euro.  
 Delitos de alta tecnoloxía, en particular, o delito informático.  
 Delitos contra o ambiente, incluído o tráfico ilícito de especies animais protexidas e de especies e variedades vexetais protexidas.  
 Axuda á entrada e residencia en situación ilegal.  
 Homicidio voluntario, agresión con lesións graves.  
 Tráfico ilícito de órganos e tecidos humanos.  
 Secuestro, detención ilegal e toma de reféns.  
 Racismo e xenofobia.  
 Roubos organizados ou a man armada.  
 Tráfico ilícito de bens culturais, incluídas as antigüidades e as obras de arte.  
 Estafa.  
 Chantaxe e extorsión de fondos.  
 Violación de dereitos de propiedade intelectual ou industrial e falsificación de mercadorías.  
 Falsificación de documentos administrativos e tráfico de documentos falsos.  
 Falsificación de medios de pagamento.  
 Tráfico ilícito de substancias hormonais e outros factores de crecemento.  
 Tráfico ilícito de materiais radioactivos ou substancias nucleares.  
 Tráfico de vehículos roubados.  
 Violación.  
 Incendio voluntario.  
 Delitos incluídos na xurisdición da Corte Penal Internacional.  
 Secuestro de aeronaves e buques.  
 Sabotaxe.

2. Cando unha autoridade xudicial española reciba a resolución dunha autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea para que execute unha medida de embargo de bens ou de aseguramento de probas, que se refira a un suposto non previsto no número anterior, supeditarán o seu recoñecemento e execución á condición de que os feitos polos cales se ditase a resolución sexan constitutivos de delito de acordo coa lei española, con independencia de cales sexan os elementos constitutivos ou a descrición do delito na lexislación do Estado de emisión.

3. En materia de impostos ou de dereitos de aduana e de cambio, non se poderá denegar a execución da medida aducindo que a lexislación española non impón o mesmo tipo de impostos ou dereitos ou non contén a mesma regulación que o Estado de emisión.

#### Artigo 11. *Recoñecemento e execución inmediata.*

1. As autoridades xudiciais españolas competentes recoñecerán sen máis trámite e executarán de inmediato a resolución de embargo de bens ou de aseguramento de probas transmitida por unha autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea cando se trate dalgún dos supostos previstos no número 1 do artigo 10.

Cando o certificado que acompañe a resolución de execución dunha medida non veña traducido para o español, remitiráselle inmediatamente á autoridade xudicial que o asinase para que leve a cabo a tradución correspondente.

As autoridades xudiciais españolas admitirán as resolucións de execución das medidas que regula esta lei que se efectúen mediante correo certificado, fax ou medios informáticos ou telemáticos cando nestes dous últimos casos se trate de documentos asinados electronicamente, que permitan verificar a súa autenticidade.

2. Cando a autoridade xudicial que reciba a resolución non sexa competente para recoñecela e adoptar as medidas necesarias para o seu cumprimento, deberá transmitirle esta resolución, de oficio, á autoridade que resulte competente para a súa execución e notificarlo á autoridade xudicial de emisión.

3. A decisión de execución da resolución deberá ser adoptada inmediatamente e comunicada sen dilación á autoridade xudicial de emisión e ao Ministerio Fiscal, por calquera medio que deixe constancia escrita. As autoridades xudiciais españolas resolverán o procedente e comunícaranllo dentro das 24 horas seguintes á recepción da resolución.

4. A medida de embargo ou de aseguramento da proba axustarase á solicitude, sen que se poida estender a bens ou documentos non solicitados.

#### Artigo 12. *Normas aplicables para a execución da resolución.*

1. As medidas que deban ser adoptadas en execución da resolución de embargo ou aseguramento de probas rexeranse polo ordenamento xurídico español.

Non obstante o anterior, a autoridade xudicial española observará as formalidades e os procedementos expresamente indicados pola autoridade xudicial de emisión para garantir a validez das probas admitidas, sempre que esas formalidades e procedementos non sexan contrarios aos principios fundamentais do dereito español.

2. Cando a autoridade xudicial de emisión solicítase a transferencia dos bens ou elementos de proba, a autoridade xudicial española resolverá conforme as normas de asistencia xudicial penal aplicables ao caso. Non se poderá denegar a transferencia dos elementos de proba por ausencia de dobre tipificación cando a petición se refira a algún dos supostos do número 1 do artigo 10.

3. As medidas coercitivas complementarias que poida requirir a execución da resolución de embargo de bens ou de aseguramento de probas adoptaranse segundo as normas procesuais aplicables en España.

#### Artigo 13. *Duración da medida.*

1. A medida manterase durante o tempo que se requira e, se é o caso, ata que se resolva definitivamente a solicitude de transferencia ou comiso cursada pola autoridade xudicial de emisión.

2. Non obstante, logo de consulta á autoridade xudicial de emisión, a autoridade xudicial española, de conformidade coas normas procesuais nacionais, poderá impoñer condicións, adecuadas ás circunstancias do caso, para limitar a duración ou modificar a medida de que se trate, incluíndo a destrución e a realización anticipada dos efectos xudiciais. Se, de conformidade con esas condicións, se propuxese deixar sen efecto ou modificar a medida, comunícarallo inmediatamente á autoridade xudicial de emisión, para que expoña o que coide oportuno.

3. Cando a autoridade xudicial de emisión comunique que a medida que solicitou foi deixada sen efecto, esta alzarase sen dilación.

#### Artigo 14. *Motivos de non recoñecemento ou non execución das medidas solicitadas.*

1. As autoridades xudiciais españolas non recoñecerán nin executarán as medidas de embargo de bens ou de aseguramento de probas nos seguintes casos:

a) Cando falte o certificado que debe acompañar a solicitude de adopción das medidas ou ben sexa incompleto ou non corresponda manifestamente á medida, sen prexuízo do disposto no número 3.

b) Cando en España a medida solicitada estea prohibida pola lei.

c) Cando resulte manifestamente da información facilitada no certificado que a prestación de asistencia xudicial para a infracción que motivou a medida vulneraría o principio de cousa xulgada, nos termos previstos nas leis e nos convenios ou tratados internacionais ratificados por España.

2. Nos casos de insuficiencia do certificado, a autoridade xudicial poderá adoptar algunha das seguintes decisións:

- a) Fixar un prazo para que o certificado sexa presentado, completado ou modificado.
- b) Aceptar un documento equivalente.
- c) Dispensar a autoridade xudicial de emisión de presentalo se considera suficiente a información subministrada.

3. As decisións de denegación de recoñecemento ou de execución das medidas deberanse adoptar sen dilación e de forma motivada, e notificaránselles inmediatamente ás autoridades xudiciais de emisión por calquera medio que deixe constancia escrita.

4. No caso de que sexa imposible na práctica executar a medida, debido a que os bens ou as probas desaparecen, fosen destruídos, non se encontrasen no lugar indicado no certificado ou non se indicase coa suficiente precisión onde se encontra o ben ou o elemento de proba, incluso tras consultar coa autoridade xudicial de emisión, seralle comunicada esta circunstancia inmediatamente.

#### Artigo 15. *Motivos de suspensión da execución.*

1. Poderase suspender a execución dunha resolución de embargo de bens ou de aseguramento de probas transmitida pola autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea nos casos seguintes:

- a) Cando a execución poida impedir o bo desenvolvemento dunha investigación penal en curso en España, durante o tempo necesario.
- b) Cando sobre os bens ou probas de que se trate se ditase unha medida anterior nun procedemento xudicial ou administrativo, ata que se deixe sen efecto esta, sempre que a dita medida teña prioridade sobre posteriores resolucións de intervención de efectos e instrumentos ditadas en causas penais de acordo co dereito nacional.

2. A suspensión da execución da resolución, así como os motivos da suspensión e, se é posible, a súa duración prevista, comunicaránselle inmediatamente á autoridade xudicial de emisión por calquera medio que deixe constancia escrita.

3. Tan pronto como desaparezan os motivos de suspensión, a autoridade xudicial española tomará de inmediato as medidas oportunas para executar a resolución e informará disto a autoridade xudicial de emisión por calquera medio que deixe constancia escrita.

4. A autoridade xudicial española competente comunicará á autoridade xudicial de emisión calquera outra medida restritiva que recaese sobre o ben de que se trate.

#### Artigo 16. *Recursos.*

1. Contra os autos ditados polo xuíz de Instrución que resolvan acerca do recoñecemento e execución das resolucións de embargo, incautación de bens ou de aseguramento de probas emitidas pola autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea, o Ministerio Fiscal, o suxeito pasivo do proceso penal de que trae causa a resolución ou os titulares de dereitos e intereses lexítimos que se poidan ver afectados, poderán interpoñer o recurso de reforma e o de apelación, que non suspenderán a execución.

O recurso de apelación poderase interpoñer subsidiariamente co de reforma ou por separado. En ningún caso será necesario interpoñer previamente o de reforma para presentar a apelación. Todos estes recursos se tramitarán de acordo co disposto na Lei de axuízamento criminal para

a impugnabilidade dos autos dos xuíces de instrución no procedemento abreviado.

2. Tan pronto como se interpoñan os recursos de reforma ou de apelación, o xuíz de Instrución comunicará esta circunstancia ao órgano xudicial do Estado emisor, por calquera medio que deixe constancia escrita, en condicións que lle permitan á autoridade xudicial a que se dirixe establecer a súa autenticidade, para que expoña, se é o caso, as consideracións que coide oportunas no prazo de cinco días desde a recepción do certificado.

3. O xuíz de Instrución informará a autoridade xudicial de emisión do resultado do recurso de reforma ou apelación.

4. Os motivos de fondo polos que se adoptase a resolución só poderán ser impugnados mediante un recurso interposto no Estado membro da autoridade xudicial de emisión.

#### Disposición adicional única. *Transmisión de medidas co Reino Unido e a República de Irlanda.*

A transmisión das medidas co Reino Unido e a República de Irlanda efectuarase de acordo co disposto nesta lei, a menos que estes Estados manifesten, mediante declaración depositada ante a Secretaría Xeral do Consello e notificada á Comisión que optan pola transmisión das súas resolucións e do certificado correspondente por conduto dunha autoridade central ou das autoridades especificadas na declaración.

#### Disposición transitoria única. *Resolucións en curso.*

1. Esta lei será aplicable ás resolucións de embargo de bens ou de aseguramento de probas que se emitan con posterioridade á súa entrada en vigor, mesmo cando se refiran a feitos anteriores a ela.

2. As resolucións de embargo de bens ou de aseguramento de probas que se encontren en curso no momento da entrada en vigor desta lei seguirán tramitándose conforme as normas vixentes naquel momento ata a súa conclusión.

#### Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei de axuízamento criminal.*

Modifícase o artigo 338 e engádese un capítulo II bis no título V do libro II da Lei de axuízamento criminal, coa seguinte redacción:

Un. O artigo 338 da Lei de axuízamento criminal queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 338.

Sen prexuízo do establecido no capítulo II bis deste título, os instrumentos, armas e efectos a que se refire o artigo 334 recolleranse de tal forma que se garanta a súa integridade e acordarase a súa retención, conservación ou envío ao organismo adecuado para o seu depósito.»

Dous. Introdúcese un capítulo II bis no título V do libro II da Lei de axuízamento criminal, co seguinte contido:

«CAPÍTULO II BIS

#### **Da destrución e a realización anticipada dos efectos xudiciais**

Artigo 367 bis.

Terán a consideración de efectos xudiciais, na orde penal, todos aqueles bens postos á disposición xudicial, embargados, incautados ou aprehendidos no curso dun procedemento penal.

Artigo 367 ter.

1. Poderase decretar a destrución dos efectos xudiciais, deixando mostras suficientes, cando resul-

tase necesaria ou conveniente pola propia natureza dos efectos intervidos ou polo perigo real ou potencial que comporte o seu almacenamento ou custodia, logo de audiencia ao Ministerio Fiscal e ao propietario, se for coñecido, ou á persoa en cuxo poder foron achados os efectos cuxa destrución se pretende. Cando se trate de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, o xuíz instrutor, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e das partes, ordenará a súa inmediata destrución, conservando mostras suficientes destas substancias para garantir posteriores comprobacións ou investigacións, todo isto sen prexuízo de que, de forma motivada, o órgano xudicial considere necesario a conservación da totalidade. O conservado estará sempre baixo a custodia do órgano xudicial competente.

2. En todo caso, redactarase a oportuna diligencia e, se se acordase a destrución, deberá quedar constancia nos autos da natureza, calidade, cantidade, peso e medida dos efectos destruídos. Se non houberse taxación anterior, tamén se deixará constancia do seu valor cando a súa fixación for imposible despois da destrución.

3. O disposto nos dous puntos anteriores será tamén aplicable para os efectos intervidos en relación coa comisión de delitos contra a propiedade intelectual e industrial, unha vez que tales efectos fosen examinados pericialmente.

4. Se os obxectos non puidesen, pola súa natureza, conservarse na súa forma primitiva, o xuíz resolverá o que estime conveniente para conservalos do mellor modo posible.

#### Artigo 367 quáter.

1. Poderanse realizar os efectos xudiciais de lícito comercio, sen esperar ao pronunciamento ou firmeza da decisión, e sempre que non se trate de pezas de convicción ou que deban quedar a expensas do procedemento, en calquera dos casos seguintes:

- a) Cando sexan perecedoiros.
- b) Cando o seu propietario faga expreso abandono deles.
- c) Cando os gastos de conservación e depósito sexan superiores ao valor do obxecto en si.
- d) Cando a súa conservación poida resultar perigosa para a saúde ou seguranza pública, ou poida dar lugar a unha diminución importante do seu valor, ou poida afectar gravemente o seu uso e funcionamento habituais.
- e) Cando se trate de efectos que, sen sufrir deterioración material, se deprecien substancialmente polo transcurso do tempo.
- f) Cando, debidamente requirido o propietario sobre o destino do efecto xudicial, non faga manifestación ningunha.

2. Cando concorra algún dos supostos previstos no punto anterior, o xuíz, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou das partes, e logo de audiencia do interesado, poderá acordar a realización dos efectos xudiciais. Cando se solicite a realización por instancia do Ministerio Fiscal ou do Avogado do Estado, o xuíz deberá acordala, salvo que aprecie motivadamente que a petición é infundada ou que, de acceder a ela, se causarán prexuízos irreparables.

3. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, cando o ben de que se trate estea embargado en execución dun acordo adoptado por unha autoridade xudicial estranxeira en aplicación da lei para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de probas en procedementos penais, a súa realización non se poderá levar a cabo sen obter previamente a autorización da autoridade xudicial estranxeira.

#### Artigo 367 quinquies.

1. A realización dos efectos xudiciais poderá consistir:

- a) Na entrega a entidades sen ánimo de lucro ou ás administracións públicas.
- b) Na realización por medio de persoa ou entidade especializada.
- c) Na poxa pública.

2. Poderase entregar o efecto xudicial a entidades sen ánimo de lucro ou ás administracións públicas cando sexa de infimo valor ou se preveña que a realización por medio de persoa ou entidade especializada ou por medio de poxa pública será antieconómica.

3. A realización por medio de entidade ou persoa especializada ou mediante poxa pública poderase levar a cabo en todos os demais supostos e efectuarase conforme as normas que sobre esta materia se conteñen na Lei de axuízamento civil. Non obstante o anterior, previamente a acordala solicitarase o informe do Ministerio Fiscal e dos interesados.

O produto da venda ingresarase na conta de consignacións do xulgado ou tribunal e quedará afecto ao pagamento das responsabilidades civís e custas que se declaren, se é o caso, no procedemento, unha vez deducidos os gastos de calquera natureza que se producisen.

No caso de venda dun ben embargado por orde dunha autoridade xudicial estranxeira, o produto, unha vez deducidos os gastos de calquera natureza que se producisen, ingresarase igualmente na conta de consignacións do xulgado e quedará á súa disposición, circunstancia que lle será comunicada sen dilación.

#### Artigo 367 sexies.

O expresado no artigo 338 e neste capítulo enténdese sen prexuízo do que se establece en normas especiais, particularmente no previsto polo artigo 374 do Código penal e pola Lei 17/2003, do 29 de maio, pola que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados e na súa normativa de desenvolvemento.»

#### Disposición derradeira segunda. *Competencia estatal.*

Esta lei dítase en exercicio das competencias atribuídas ao Estado en materia de lexislación procesual polo artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución.

#### Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Nesta lei incorpórase ao dereito español a Decisión Marco 2003/577/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á execución na Unión Europea das resolucións de embargo preventivo de bens e de aseguramento de probas.

#### Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**ANEXO**

**Certificado para a execución de medidas de embargo e de aseguramento de probas noutro Estado membro da Unión Europea**

a) Autoridade xudicial emisora desta resolución:

Denominación oficial: .....

Nome do seu representante: .....

Función (cargo/grao): .....

Referencia do expediente: .....

Enderezo: .....

N.º de teléfono: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (.); .....

N.º de fax: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (.); .....

Correo electrónico: .....

Linguas en que se pode comunicar coa autoridade xudicial emisora: .....

Datos das persoas de contacto (incluídas as linguas en que se pode comunicar coas persoas) para solicitar información adicional sobre a execución da resolución, se resulta necesario, ou para concertar os aspectos prácticos do traslado de probas (se procede): .....

b) Autoridade competente para a execución da orde de embargo no Estado de emisión ([se a autoridade é distinta da autoridade indicada na alínea a]):

Denominación oficial: .....

Nome do seu representante: .....

Función (cargo/grao): .....

Referencia do expediente: .....

Enderezo: .....

N.º de teléfono: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (.): .....

N.º de fax: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (.): .....

Correo electrónico: .....

Linguas en que se pode comunicar coa autoridade xudicial emisora: .....

Datos das persoas de contacto (incluídas as linguas en que se pode comunicar coas persoas) para solicitar información adicional sobre a execución da resolución, se resulta necesario, ou para concertar os aspectos prácticos do traslado de probas (se procede): .....

c) Se procede a alínea a) e a alínea b), deberase completar esta alínea para indicar con cal desas dúas autoridades se ten que entrar en contacto ou se se debe facer con ambas: .....

Autoridade mencionada na alínea a).

Autoridade mencionada na alínea b).

d) No caso de designarse unha autoridade central para a transmisión e recepción administrativas de resolucións (só aplicable para Irlanda e o Reino Unido):

Nome da autoridade central: .....

Persoa de contacto, se é o caso (cargo/grao e nome e apelidos): .....

Enderezo: .....

Referencia do expediente: .....

N.º de teléfono: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (.): .....

N.º de fax: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (.): .....

Correo electrónico: .....

e) Resolución de embargo preventivo de bens ou de aseguramento de probas:

1. Data e, se procede, número de referencia.

2. Obxecto da resolución.

2.1 Comiso posterior.

2.2 Aseguramento de probas.

3. Descrición das formalidades que se deben observar para executar unha resolución de embargo preventivo relativa a proba (se existisen).

f) Información sobre os bens e as probas, no Estado de execución, a que se refire a resolución de embargo.

Descrición dos bens ou das probas e localización:

1. a) Descrición dos bens e, se procede, cantidade máxima que se intenta recuperar deses bens (se a dita cantidade máxima se indica na medida de embargo polo valor dos produtos do delito).

b) Descrición precisa das probas.

2. Localización precisa dos bens ou probas (se non se coñece, indicar a última coñecida).

3. Parte que ten a custodia dos bens ou probas ou beneficiario efectivo coñecido dos bens ou probas, se se trata dunha persoa distinta da persoa sospeitosa da infracción ou condenada (no caso de que sexa aplicable de acordo co dereito nacional do Estado de emisión).

g) Información (se se dispón dela) relativa á identidade das persoas físicas (1) ou xurídicas (2) sospeitosas de ter cometido a infracción ou condenadas (no caso de que sexa aplicable de acordo co dereito nacional do Estado de emisión) ou das persoas a que se refire a resolución de embargos preventivos.

1. Persoas físicas:

Apelido ou apelidos: .....

Nome ou nomes: .....



Apelido ou apelidos de solteira (se é o caso): .....

Sexo: .....

Nacionalidade: .....

Data de nacemento: .....

Lugar de nacemento: .....

Residencia e/ou domicilio coñecido; de non coñecerse, indíquese o último domicilio coñecido: .....

.....

En caso de coñecerse, idioma ou idiomas que entende a persoa buscada: .....

.....

## 2. Persoas xurídicas:

Nome: .....

Tipo de persoa xurídica: .....

Sede rexistral: .....

.....

### h) Medida que debe adoptar o Estado unha vez executada a resolución:

Comiso:

1.1 Os bens permanecerán no Estado de execución para os efectos de comiso posterior.

1.1.1 Véxase a solicitude adxunta relativa á execución dunha resolución de comiso ditada no Estado de emisión o ..... (data).

1.1.2 Véxase a solicitude adxunta relativa ao comiso no Estado de execución e subseguinte execución da resolución.

1.1.3 Data estimada de presentación da solicitude mencionada en 1.1.1 ou 1.1.2: .....

ou ben

Aseguramento das probas:

2.1 Os bens trasladaranse ao Estado de emisión para os efectos de proba.

2.1.1 Véxase a solicitude adxunta para os efectos de traslado.

ou ben

2.2 Os bens permanecerán no Estado de execución para que sirvan ulteriormente como proba no Estado de emisión.

2.2.2 Data estimada de presentación da solicitude mencionada en 2.1.1: .....

### i) Infracción ou infraccións:

Descrición das razóns pertinentes que motivaron a resolución de embargo e un resumo dos feitos coñecidos pola autoridade xudicial que emitiu a resolución de embargo e o certificado:

.....

.....

.....

Natureza e tipificación legal da infracción ou infraccións e disposición legal ou código aplicable en que se basea a resolución de embargo preventivo:

.....

.....

1. Se procede, márkense a infracción ou as infraccións da seguinte lista, no caso de que as infraccións sexan castigadas no Estado de emisión con penas máximas de liberdade de polo menos tres anos:

- Pertenza a organización delituosa.
- Terrorismo.
- Explotación sexual dos nenos e pornografía infantil.
- Tráfico ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas.
- Tráfico ilícito de armas, municións e explosivos.
- Corrupción.
- Fraude, incluída a que afecte os intereses financeiros das Comunidades Europeas de acordo co Convenio, do 26 de xullo de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas.
- Branqueo de produto do delito.
- Falsificación de moeda, incluída a falsificación do euro.
- Delitos de alta tecnoloxía, en particular, o delito informático.
- Delitos contra o ambiente, incluído o tráfico ilícito de especies animais protexidas e de especies e variedades vexetais protexidas.
- Axuda á entrada e residencia en situación ilegal.
- Homicidio voluntario, agresión con lesións graves.
- Tráfico ilícito de órganos e tecidos humanos.
- Secuestro, detención ilegal e toma de reféns.
- Racismo e xenofobia.
- Roubos organizados ou a man armada.
- Tráfico ilícito de bens culturais, incluídas as antigüidades e as obras de arte.
- Estafa.
- Chantaxe e extorsión de fondos.
- Violación de dereitos de propiedade intelectual ou industrial e falsificación de mercadorías.
- Falsificación de documentos administrativos e tráfico de documentos falsos.
- Falsificación de medios de pagamento.
- Tráfico ilícito de substancias hormonais e outros factores de crecemento.
- Tráfico ilícito de materiais radioactivos ou substancias nucleares.
- Tráfico de vehículos roubados.
- Violación.
- Incendio voluntario.
- Delitos incluídos na xurisdición da Corte Penal Internacional.
- Secuestro de aeronaves e buques.
- Sabotaxe.

2. Descrición detallada da infracción ou infraccións distintas das enumeradas no punto 1:

.....  
.....  
.....

j) Vías de recurso contra a resolución de embargo para as partes interesadas, inclusive para terceiros de boa fe no Estado de emisión: .....

Descrición das vías de recurso legais dispoñibles, incluídos os trámites necesarios que se deban realizar: .....

Tribunal ante o cal se pode interpor recurso: .....

Información relativa ás persoas lexitimadas para a súa interposición: .....

Prazo límite para a presentación da demanda: .....

Autoridade do Estado de emisión que pode facilitar maior información sobre os procedementos de presentación de recursos no Estado de emisión e sobre a posibilidade de asistencia xurídica e tradución:

Apelido ou apelidos: .....

Persoa de contacto (.) (se é o caso): .....

Enderezo: .....

N.º de teléfono: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (.): .....

N.º de fax: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (.): .....

Correo electrónico: .....

k) Outras circunstancias relacionadas co caso (información facultativa): .....

.....

.....

l) O texto da resolución de embargo xúntase ao certificado.

Sinatura da autoridade xudicial emisora e/ou do seu representante que dea/n fe da validez do contido do certificado:

.....

Nome: .....

Función (cargo/grao): .....

Data: .....

Selo oficial (se o houber).